



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE REALIZADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 19 DE XUÑO DE 2025

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL

JESUS ROMERO CARRACELAS

ISMAEL DURAN BEREIJO

LUCIA PICOS ANEIROS

PABLO LUIS NEBRIL LOPEZ

OLGA IGLESIAS BEREIJO

XOSE ANTON ARRIIBE RODRIGUEZ

NOEL LOPEZ LOPEZ

AUSENTES:

Escusan a súa asistencia os Concelleiros:

XULIO CRIBEIRO GARCIA

HIGINIO MANUEL CASAS REGUEIRA

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

MANUELA LOPEZ RODRIGUEZ

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 10:08 horas do 19 de xuño de 2025, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, previa convocatoria para os efectos, co obxecto de realizar sesión extraordinaria e urgente, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións plenarias, declara aberta ésta.

Pola Presidencia infórmase que se vai modificar a orde dos asuntos incluídos na orde do día.

1. RATIFICACIÓN DA URGENCIA

Pola Presidencia infórmase que a urxencia deste Pleno extraordinario é debida a que o curso escolar remata o vindeiro 20 de xuño e coa finalidade de que alumnado do IES Punta Candieira e do CEIP Nicolás del Río poidan presentar ante o Pleno o proxecto dos Orzamentos participativos e as propostas do Consello Local de Infancia e Adolescencia (CLIA).



De conformidade co previsto nos artigos 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e 79 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, sométese a votación ordinaria a ratificación da urxencia da convocatoria, resultando aprobada por unanimidade dos membros presentes.

Pola Presidencia indícase que a continuación se tratará o punto 4 da orde do día:

**4. MODIFICACIÓN PXOM Nº 2 (OBTENCIÓN DE PARCELA PARA CENTRO DE SAÚDE).
EXPEDIENTE 2023/U038/000002**

Pola Secretaria dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 18 de xuño de 2025, que di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Expediente: 2023/U038/000002

Asunto: Modificación PXOM Nº 2 (OBTENCIÓN DE PARCELA PARA CENTRO DE SAÚDE)

Cedeira require dotarse dun Centro de Saúde acorde coas súas necesidades, en substitución do existente que non pode ser ampliado, nos termos e necesidades expostos polo Servizo Galego de Saúde.

Tal e como consta no expediente 2023/C002/000087 resulta necesaria a modificación puntual do plan xeral, para a obtención dunha parcela para centro de saúde. A tal efecto contratouse á empresa Monteoliva Arquitectura S.L.P. o servizo de redacción dos documentos necesarios para tal fin.

Dita empresa achegou documentación, cuxo contido é o Borrador do Plan e Documento Ambiental Estratéxico para a súa tramitación da Avaliación Ambiental Estratéxica Simplificada.

Na Resolución do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental con data de entrada no rexistro o 17.11.2023 resolveuse non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica a “modificación puntual núm. 2 do plan xeral de ordenación urbana – centro de saúde na rúa Río da Veiga, no concello de Cedeira”.

No anterior trámite consta o informe da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, no que indica que a modificación xustifica as razóns de interese público, esixidas polo artigo 83.1 da Lei do Solo de Galicia, pola necesidade dun novo centro de saúde sanitaria para o Servizo Galego de Saúde e na mellora da rede viaria na zona.

Mediante Providencia de Alcaldía de data 27.02.2024 dispónse formular a Modificación Puntual nº 2 do Plan Xeral Municipal de Ordenación e que se emitan os informes xurídicos, económicos e técnicos que procedan

En data 05.04.2024 consta emitido informe técnico polo Arquitecto municipal na fase previa de formulación, sobre afeccións sectoriais, outras lexislacións aplicables e informes necesarios.

En data 06.06.2025 emitíuse informe técnico polo Arquitecto municipal en sentido favorable á aprobación inicial da Modificación puntual núm. 2. Considerase a proposta adecuada para a obtención dos terreos destinados ao novo centro de saúde e para a mellora da funcionalidade do ámbito e resulta conforme cos principios dun desenvolvemento urbanístico sostible e ordenado, verificándose que a Modificación Puntual se adecúa á lexislación urbanística autonómica e estatal vixente, así como á



normativa sectorial aplicable, garantindo o cumprimento das disposicións legais, presentando solucións técnicas adecuadas en canto a usos, edificabilidades, volumes e dotacións; solucións que se integran harmonicamente no tecido urbano existente, mellorando as condicións de habitabilidade e funcionalidade na área afectada, sen xerar impactos negativos.

Serán necesarios informes, na Administración do Estado, da Delegación do Goberno e do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, sen prexuízo dos restantes que se consideren preceptivos, así como os que decida o organismo autonómico competente na materia de urbanismo.

En data 17.06.2025 emitíuse informe xurídico pola Secretaría municipal sobre lexislación e procedemento, e en data 18.06.2025 emitíuse informe pola Intervención municipal.

Visto canto antecede, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propoño ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a Modificación Puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal (expediente 2023/U038/000002).

SEGUNDO.- Someter a información pública o expediente completo de modificación nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, por un prazo de dous meses, mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia, e no taboleiro de edictos do Concello, en cumprimento da normativa urbanística e ambiental de aplicación.

Durante o devandito período quedará o expediente, con todos os documentos que o integran, a disposición de calquera que queira examinalo para que se presenten as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición na sede electrónica do Concello.

TERCEIRO.- De forma simultánea á información pública solicitar os informes que sexan preceptivos conforme á normativa urbanística e sectorial de aplicación.

CUARTO.- Có acordo de aprobación inicial suspéndese o procedemento de outorgamento de licenzas no ámbito afectado pola modificación puntual nº 2 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, nos termos expostos no resumo executivo desta, por un prazo máximo de dous anos, contados dende a aprobación inicial e, en calquera caso, extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.”

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

Aberto o turno de intervencións o Sr. Alcalde di: Vale, esta proposta, bueno, é algo que foi xa, está consensuado dende fai tempo coa Consellería de Sanidade, que é a creación dun espazo novo en Cedeira para crear un novo centro de saúde. Para iso tivemos que facer varios trámites: un deles foi a compra de terreos -onde está, ao lado do pump track, detrás do campo de fútbol, pois alí ao lado- eses terreos eran municipais, compramos uns terreos, o Concello comprou uns terreos de 1.700 metros a maiores e ímoslle ceder sobre uns 3.700 metros á Xunta de Galicia para que nos fagan un novo centro de saúde que terá unha superficie duns 2.000, que sería o dobre do que ten o actual. No momento en que o centro de saúde estea listo, para estar listo pois ten que cumprir uns parámetros urbanísticos que é o que estamos a facer agora mesmo, aquel é un terreo que é urbano pero non está consolidado porque ao non están as rúas abertas, nin ten o alcantarillado, nin ten agora mesmo nada, só son terreos. O que hai que facer é modificar o Plan Xeral de Urbanismo, que rexe todo o que é o Urbanismo de Cedeira,



para crear unha figura que permita que se poida desenvolver e levar a cabo este proxecto, vale? Entón, isto é o que estamos a facer agora. Entón, temos todos os informes favorables, tanto da Secretaria, como da Interventora, e tamén do Técnico, e mandouse á Xunta de Galicia no seu momento. Hai que sometela a impacto ambiental, tamén está mandado a Costas do Estado. Entón, bueno, hai unha serie de trámites que agora hai que cumprir: hai que expoñelo durante dous meses no taboleiro de anuncios do Concello, e tamén publicalo nun diario, como pode ser a Voz de Galicia ou o Diario de Ferrol, é obrigación facelo así. E despois bueno, cando isto se aprobe, temos que seguir traballando, colaborando coa Xunta de Galicia, traballando conxuntamente para que eles, despois o seguinte paso é que nos cree, cando se aprobe todo, e estea definitivamente a figura urbanística consolidada, o que se fai dende a Xunta de Galicia é: nos dotan economicamente, se chega a un acordo de cesión de terreos e todo iso, para que se poida levar a cabo. Vaise abrir unha rúa moi grande, con 50 prazas de aparcamento, con espazos públicos, con zonas verdes, todo que estea en sintonía cos edificios para que non haxa grandes impactos urbanísticos, todo o contrario, queremos que sexa en planta baixa. E o bo de todo isto é que despois cando teña isto feito -que será dentro duns anos- pois o actual centro de saúde pasa a disposición, outra vez, do Concello de Cedeira e nós podemos aí -bueno, quen estea gobernando naquel momento- pois pode dispoñer del. Seguramente que será en colaboración con todo o pobo, con ideas como as que podedes plasmar vós, dentro duns anos, aos compañeiros que veñan detrás e compañeiras, e levarse a cabo. E será un centro que, bueno, poderemos utilizar para moitas cousas.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes, e polo tanto, polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, ACORDA: APROBAR a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

Pola Presidencia indícase que a continuación tratarse o punto 2 e seguintes da orde do día:

2. ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS CO ALUMNADO DO IES PUNTA CANDIEIRA CURSO 2024/2025

Polo Concelleiro do BNG, o Sr. López López, dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 17 de xuño de 2025, que di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS CO ALUMNADO DO IES PUNTA CANDIEIRA CURSO 2024/2025

O cometido desta proposta é o de informar da 5ª edición do proceso de **Orzamentos Participativos Escolares** executados durante o curso escolar 2024/2025, entre os meses de xaneiro a xuño, para a súa presentación ante o Pleno Municipal.

Nos meses de xaneiro e febreiro realizáronse accións formativas nas tres aulas de 3º ESO nas que se impartiron contidos sobre democracia local, a organización do concello e a investigación social sobre as necesidades do territorio. No mes de marzo continúan as sesións de traballo sobre metodoloxías de investigación social á hora de realizar un diagnóstico participativo empregando diversas técnicas como a matriz DAFO-CAME (Debilidades a Corrixir, Ameazas a Afrontar, Fortalezas internas a Manter e Oportunidades do contexto a Explorar), realización de “*mapeos comunitarios*” coa identificación de recursos e deficiencias, árbores de problemas e solucións. No mes de abril realízanse sesións de traballo en grupo sobre a elaboración de proxectos, seguindo un esquema no que o alumnado tivo que identificar obxectivos, actividades, boas prácticas, materiais e custes económicos confeccionando unha



serie de proxectos para seren analizados polo persoal técnico. Recolléronse 9 iniciativas, levando a cabo o 13 de maio unha sesión de contraste entre o alumnado e a concellería para realizar unha análise previa da súa factibilidade e resolver dúbidas en ambas direccións.

O persoal municipal elabora posteriormente os informes de viabilidade das propostas, dando conta das que son factibles para seren elevadas á Asemblea de votación (sendo de competencia municipal e viables técnica, económica e xuridicamente). Asígnase ás propostas un orzamento de custe económico que non supera os 20.000,00 € destinados ao proceso participativo. As propostas viables son as seguintes¹:

1. **FONTES** (mellora e renovación dalgúns fontes públicas)
2. **BAÑOS** (mellora dos baños públicos municipais)
3. **PROPOSTA EFECTIVA DE VERÁN** (Actividades: 1 día de inchables acuáticos, festa da escuma e sesión Laser Tag)
4. **BTT** Roza de certos camiños e sinalización como rutas BTT, en colaboración co Clube Candieira)
5. **PARQUE CANINO** (Preparación dunha área para cans que inclúe valado, bancos e es estruturas de xogo)
6. **CEDECINE** (Proxección de entre 3-4 películas no Auditorio)
7. **AXUDA Á ABAC** (Axuda económica para esta entidade)

O día 11.06.2025 celébrase a Asemblea de votación de propostas, no salón de actos do IES.

En dita Asemblea preséntanse as propostas viables por parte do alumnado propoñente, realizando unha defensa na súa descrición e o detalle dos importes. Sométense a votación por puntos, dando a opción de 3 puntos a distribuír entre as 7 propostas², resultando elixida a seguinte proposta: **AXUDA Á ABAC**. Na asemblea determínase que ao quedar próxima en votos a proposta **BTT**, considerar ambas propostas cun orzamento de 22.000 euros Por último, noméanse os representantes para presentar o resultado ante o Pleno municipal na Casa do Concello, o 19 de xuño.

Por todo o anterior, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar os trámites necesarios para a inclusión no presuposto municipal da execución do seguinte proxecto: Axuda a ABAC e BTT por un valor de 22.000 euros.”

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

A continuación, o Sr. Alcalde da a palabra ao alumnado.

O alumno di: Bueno, nas propostas pensamos imos a facer algo que consideramos necesario, xa non só no caso do BTT ou ocio, senón por unha cuestión de necesidade, vemos en ABAC que tiña moitos problemas porque, eu paso moitas veces por alí e está todo feito un desastre e paréceme un pouco mal. Entón, decidimos dar 10.000 € a ABAC e 12.000€ á BTT, e considerar ambas propostas.

¹ As propostas inviables foron dúas: unha Pista *indoor*, que se excede no seu orzamento, e unha Piscina exterior con mesas de pícnic que, por unha banda tamén excede a contía e, por outra, unha parte da mesma (as mesas para pícnic) están previstas para a súa colocación a través dos acordos do CLIA.

² Co obxectivo de facilitar a aprobación de varias propostas, son presentadas a Asemblea dúas iniciativas que van por tramos económicos (a axuda á ABAC e tramos ou itinerarios de BTT), dando a opción ao alumnado de priorizar os custes e votar máis dunha alternativa.



O Sr. Alcalde di: Moi ben, non sei se alguén quere dicir algo máis?

Bueno, pois Unai moitísimas grazas por ser o representante de todas as compañeiras e compañeiros. En primeiro lugar, darvos as grazas, Maica tamén, á comunidade educativa do IES Punta Candieira.

Si que é verdade para nós é moi importante a vosa participación. Por que é importante a participación? Porque tamén vós reflexades realmente e vedes as carencias que pode haber no pobo, non? Entón, iso é unha forma na que nos axudades a nosoutros como Goberno, como Corporación municipal onde todos e todas facemos propostas.

Está moi ben tamén porque traballástedes, eu estiven vendo os informes todos, traballástedes sobre moitos proxectos que, a veces, vedes que pode haber unha carencia, pero que tamén hai limitacións económicas para poder facer. Vin que se quería facer unha pista de fútbol indoor, onde tiñades problemas en onde se podía situar, a parte económica do custe que podía ter, así como tamén incluso facer unha piscina exterior. Entón, iso é o que nos pasa tamén moitas veces a nós, temos ideas para facer proxectos, para facer cousas, pero realmente despois igual non temos a capacidade económica ou diñeiro suficiente para poder levalas a cabo, entón temos que chegar a acordos entre todos nós para priorizar unhas sobre outras. Hai veces que algunhas prioridades pois pasan encima de outras, pero bueno, tamén temos que consensuar, e iso é realmente o máis importante: que saquedes ideas, que cheguedes a acordos entre todos vós, que consensuedes, como vos pasa na vida mesma coas vosas amigas, cos vosos amigos e con todo iso, non?

Entón, bueno, darvos outra vez as grazas en nome de todas e de todos, que sigades traballando que estamos moi orgullosos de que este xa é o 5º ano que se fan estes Orzamentos participativos, e que se sigan facendo por moitísimos anos máis. Seguramente que isto todo vai a saír moi ben. A proposta que se fai desde ABAC que nos parece fantástica, estamos de acordo tamén. Nós tamén dende o Concello cada ano lle facemos unha axuda a ABAC porque sabemos que, bueno, que fan un traballo fantástico co tema do tratamento dos animais, neste caso dos gatos, e bueno seguiremos traballando con eles. Pero como ben dis, pois necesítase que se melloren as súas instalacións, a súa capacidade para poder traballar dunha forma máis digna e todo iso, e nada.

Así que moitísimas grazas de parte de todas e de todos a cada un de vós polo voso traballo.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes, ACORDA: APROBAR a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. PROPOSTAS DO GRUPO DE PARTICIPACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DE CEDEIRA. RESULTADO DE TRABALLO CON REPRESENTANTES DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO E DO IES PUNTA CANDIEIRA (CURSO 2024/25)

Polo Concelleiro do BNG, o Sr. López López, dáse lectura á proposta de Alcaldía de data 17 de xuño de 2025, que di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: PROPOSTAS DO GRUPO DE PARTICIPACIÓN INFANTIL E ADOLESCENTE DO CONSELLO LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DE CEDEIRA. RESULTADO DE TRABALLO CON REPRESENTANTES DO CEIP NICOLÁS DEL RÍO E DO IES PUNTA CANDIEIRA (CURSO 2024/25).

O cometido desta proposta é o de informar do proceso de participación desenvolto no marco do Consello Local de Infancia e Adolescencia de Cedeira durante o curso académico 2024/25, para a



presentación das propostas realizadas polo grupo de representantes do CEIP Nicolás del Río e do IES Punta Candieira ante o Pleno municipal.

Tomando como referencia o I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello de Cedeira e as medidas contempladas nel, a finais do curso académico 2023/24 o grupo de representantes «Ondiñas na Vila» levou a cabo un proceso selectivo para escoller a liña ou liñas de traballo que consideraban prioritarias para propoñerlle ao Concello de Cedeira.

O grupo de representantes do CEIP Nicolás del Río priorizou a *medida 5.1.* do citado plan, que supón a instalación dun merendoiro no parque de San Isidro. No curso escolar 2024/25, desenvóléronse 3 obradoiros de traballo, nos meses de novembro, febreiro e maio, co alumnado representante para dar forma a esta proposta. No marco destes obradoiros, analizáronse as posibilidades de instalar un merendoiro no parque de San Isidro, vendo opcións de mobiliario diverso e orzamentos. En pequenos grupos, as nenas e nenos traballaron en diferentes propostas e, tras un proceso democrático onde se expuxeron as distintas ideas, a elección final que se traslada ao Pleno municipal é a seguinte:

ADQUISICIÓN DE:

- 4 mesas de merenda con respaldo (grandes). Modelo Navic, con un prezo unidade de 498,86€.
- 3 mesas de merenda infantís (pequenas). Modelo madeira sen cor, con un importe a unidade de 41,71€.

A inversión solicitada ao Concello de Cedeira para a instalación do merendoiro no parque de San Isidro ascende, de forma aproximada e tendo en conta posibles variacións nos orzamentos dos fabricantes, a un **total de 2.120,57 euros**. De igual xeito, o grupo solicita que se instale un cartel informativo onde se indique que a proposta partiu do grupo de participación infantil e adolescente «Ondiñas na Vila» e, ao mesmo tempo, cunha mensaxe que convida a coidar o mobiliario urbano.

O grupo de representantes do IES Punta Candieira decidiu, pola súa banda, centrarse na *medida 5.8*, que supón a *programación de cine no auditorio* da vila para público infantil e adolescente. Neste caso, compartíuse co grupo un catálogo de filmes dispoñibles para proxección a nivel municipal, e sobre esta base, fixéronse varias propostas que foron sometidas a votación, sendo o resultado final a actividade, para o mes de xullo de 2025, que detallamos a continuación:

ACTIVIDADE: CEDEIRA POLO CINE

9 de xullo. Menudas Piezas. Cun importe de 242€.

10 de xullo. Caza fantasmas. Cun importe de 290,40€.

16 de xullo. El especialista. Cun importe de 266,20€.

17 de xullo. Gru 4. Cun importe de 242€.

24 de xullo. Cuerpo escombros. Cun importe de 242€.

En **total**, o desenvolvemento do ciclo de cine **1.282,60 euros**.

Como resultado do traballo realizado polo grupo «Ondiñas na Vila» a proposta que se leva ao Pleno municipal, supón unha **reserva orzamentaria de 3.403,17 euros**.

Por todo o anterior, propoño ao Concello Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar os trámites necesarios para a inclusión no presuposto municipal da execución do seguinte proxecto: Cedeira polo Cine/ Adquisición de mesas de madeira para merendoiro por importe de **3.403,17 euros**.”



O Sr. Alcalde di: Bueno, non o dixeran antes, tamén moitísimas grazas a Noel, que é o Concelleiro de Educación, que estivo pendente tanto do CLIA como dos Orzamentos participativos. Así que tamén, en nome de todas e de todos, moitísimas grazas Noel que tampouco me quero esquecer de ti polo tan gran traballo que fixeches.

Polo Sr. Presidente sométese a consideración do Pleno a ratificación da inclusión da proposta na orde do día, de conformidade co previsto no artigo 82.3 do ROF, resultando APROBADA a súa inclusión por unanimidade dos membros presentes.

A continuación, o Sr. Alcalde da a palabra ao alumnado.

Unha alumna di: Bo día, somos o grupo de nenas e nenos de 5º de primaria, coa participación en Ondiñas na Vila, un grupo de participación infantil de Cedeira. Hoxe vimos a expoñer unha idea que pensamos que será moi boa para toda a xente da Vila. Queremos propoñer facer un merendoiro no parque de San Isidro. Un merendoiro é un lugar con bancos e mesas, onde se pode merendar, xogar ás cartas, falar, ou simplemente pasar un rato agradable ao lado do río. Pensamos que sería unha moi boa idea para mellorar o parque.

Un alumno di: Ola, bo día. Na nosa proposta incluimos sete mesas: catro mesas grandes para persoas adultas que ocupan máis espazo, e tres máis pequenas que poderíamos usar as nenas e nenos máis pequenos. Queremos que todas sexan de cor madeira porque parécennos máis bonitas e naturais. Escollemos poñelas na zona con árbores, entre o río e a tirolina, porque é un sitio con sombra perfecto para os días de sol na primavera e no verán.

Outro alumno di: Pensamos que neste merendoiro poderemos quedar coas amizades, merendar, xogar, ou pasar o tempo un día en familia. Tamén podemos facer unha saída dende o colexio e comer alí. Cremos que é algo que vai a gustar e ademais vai a quedar máis bonito e será un espazo onde se vexa que as ideas das nenas e nenos tamén contan.

Outra alumna di: Tamén nos gustaría que se poña unha placa co noso nome do grupo, Ondiñas na Vila, para lembrar que esta idea naceu dos nenos e nenas de Cedeira, e pensamos que sería boa idea colocar un cartel que anime a toda a xente a coidar as mesas e manter o lugar limpo. Así, entre todas e todos podemos conseguir que o merendoiro dure moito máis tempo e siga sendo un lugar especial para compartir.

O Sr. Alcalde di: Vale, pois moitas grazas. Non sei se alguén quere intervir en algo?

Bueno, pois o mesmo que vos dicía antes, moitas grazas tamén á comunidade educativa. Ah, faltan os do IES.

Unha alumna do IES di: Vale. Bos días a todos e todas, somos parte do grupo de participación infantil e adolescente de Cedeira, Ondiñas na Vila, e hoxe vimos presentar unha proposta que xa levamos un tempo preparando co apoio do técnico de cultura do Concello. A nosa idea é crear un ciclo de cine para adolescentes que leve por nome Cedeira polo Cine.

Outro alumno di: Este ciclo de cine celebrarase no Auditorio Municipal durante o mes de xullo, os días 9, 10, 16 e 17, e 24, sempre ás 19:30 da tarde. Pensamos que o Auditorio é o lugar ideal para esta actividade, xa que é accesible, cómodo e está no centro da Vila. Por que é tan importante este proxecto? Creemos que este ciclo de cine pode ser moi positivo para a xente nova de Cedeira, sobre todo rapaces e rapazas coma nós, moitas veces non temos doado ir ao cine fóra da Vila, ben porque



queda lonxe ou porque non sempre temos como desprazarnos. Ademais, as entradas tamén poden ser caras e non todas as persoas poden permitirse iso. Con esta proposta queremos ver...

Outra alumna di: Perdón. Con esta proposta queremos que ver o cine sexa algo máis fácil e compartible, por iso eliximos películas que nos gusten e que sexan para todos os públicos, pero centrados na adolescencia. Gustaríanos que esta actividade servise para reunirmos, reflexionar e pasar un bo rato, e compartir Cultura sen saír de Cedeira. Moitas grazas.

O Sr. Alcalde di: Bueno, pois como dicía antes, moitas graciñas a vosoutras e a vosoutros, vale? Todos os cursos de 5º, 6º, 1º e 2º da ESO, das comunidades educativas do IES e do CEIP. A verdade é que estamos encantados de que dende tan pequenos pois teñades estas inquiredanzas e pensades en cousas que poidan mellorar o voso pobo, e sobre todo unha cousa que dixestes ao final, que é o coidado de todas as infraestruturas que se fagan. Moitas veces incluso os de 3º da ESO, non? que presentaban pois arranxo de fontes e cousiñas desas, vedes como hai, se dades un paseo polo pobo, moitas veces que hai moitas pintadas nas fontes e todo iso que se deben de coidar, que se deben de respectar. Bueno, tamén é algo pois moi importante que valoredes agora.

Nada, estamos moi contentos que isto se leve a cabo. Nosoutros si que vivimos ciclos de cine, como seguramente viviron as vosas mestras e mestres, porque nós si que era algo que si que facíamos, utilizábamos moito cando tiñamos a vosa idade, que podíamos ir ao cine, que había cines nos pobos como en Cedeira ou como noutros lados. Agora non hai cines, entón si que son moi boas propostas, moi fermosas de que poidades levar aquí, e sobre todo, bueno, pois tamén que traballárades con Quique, que ben sabedes que leva moitos anos á fronte non solo deste Auditorio, senón de moita programación que se fai xunto ao Concelleiro de Cultura do noso Concello, Xosé, que está aquí ao meu carón. E bueno, é algo que esperemos que non sexa solo unha parte de agora, senón que sexan proxectos que sigan a longo prazo, vale? Que non sexan ideas puntuais senón que cada ano despois o Concello pois as siga levando, así que apuntade aí que son tarefas que hai que seguir mellorando para futuros anos sen que os nosos pequenos no lo teñan que dicir. Así que nada, gracias de parte de todos nós e esperemos que se aprobe por unanimidade.

O Concello Pleno, en votación ordinaria, por unanimidade do seus membros presentes ACORDA: APROBAR a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 10:38 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ